

DECRETO DE PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO, ALCALDE

DECRETO: Aprobación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal dun/dunha PROFESOR/A DE MÚSICA NA ESPECIALIDADE DE SAXOFÓN, para o Conservatorio Profesional de Música do Concello de Ribeira, nomeamento do tribunal avaliador, lugar, data e hora do inicio do proceso selectivo. Expediente: 2023 PSEL000013.

Visto o expediente que se tramita para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal dun/dunha PROFESOR/A DE MÚSICA NA ESPECIALIDADE DE SAXOFÓN para o Conservatorio Profesional de Música do Concello de Ribeira, a través do proceso de selección de CONCURSO-OPOSICIÓN, segundo as Bases de selección que foron aprobadas por Decreto da Alcaldía de data 18/07/2023, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 139 do día 21/07/2023, anunciándose a convocatoria no citado boletín provincial, e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa Base 7ª das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía na data 22/08/2023, ditou resolución aprobando a lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, que se publicou no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), así como na súa páxina web, concedéndose un prazo de 3 días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios (sede electrónica), para poderen presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, de ser o caso.

Polo exposto, rematado o referido prazo, esta Alcaldía, de conformidade coa Base 7ª das que rexen este proceso selectivo, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobala lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, do xeito seguinte:

Orde	Apelidos e nome do/a aspirante	D.N.I.	Admitido/a	Causa da exclusión	Exento/a proba galego
1	Agra Barreiro Diego	***9128**	Si		Si
2	Loureiro Hernández María	***0984**	Si		Si
3	Rivas Gestal Ana	***9412**	Si		Si
4	Suárez Franco Ana	***3598**	Si		Si

A inclusión dos/as aspirantes na lista definitiva de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles/as reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados/as, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases aprobadas.

Segundo.- A lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicárase no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Así mesmo, a título informativo e complementario,



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70011CADD00Q4D0P4E5X2D8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 13/09/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/09/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/09/2023 13:42:43

EXPEDIENTE ::
2023PSEL000013

Fecha: 23/06/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E70011CADD00Q4D0P4E5X2D8



publicarase na páxina web do Concello de Ribeira (www.ribeira.gal) no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

Terceiro.- Nomear o seguinte tribunal avaliador do proceso selectivo: **Presidente:** Titular: Álvaro López González, director do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Ribeira. Suplente: Cristina Sastre Paz, profesora de música do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Ribeira. **Secretaria:** Titular: María Sieira Ríos, técnica de administración xeral do departamento de secretaria do Concello de Ribeira. Suplente: M^a Teresa Cid Poza, técnica de administración xeral do departamento de secretaría do Concello de Ribeira. **Vogais:** **1º Vogal:** Titular: Natalia Rey Rey, xefa de estudos do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Ribeira. Suplente: Julio César Pereda Suárez, profesor de música do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Ribeira. **2º Vogal:** Titular: Sabela Galbán Rodríguez, profesora de música do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Ribeira. Suplente: Ánxela Vidal Trabada, profesora de música do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Ribeira. **3º Vogal:** Titular: Rodrigo Martínez Díaz, profesor de música do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Ribeira. Suplente: Ana Fernández Gayoso, profesora de música do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Ribeira.

Contra a composición deste tribunal poderá presentarse escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto.- Convocar ós membros do Tribunal Avaliador para que o día 18 de setembro de 2023 ás 10:30 horas, concorran á Casa Consistorial do Concello de Ribeira, co obxecto de proceder á súa constitución e ao inicio do proceso selectivo coa valoración dos méritos presentados e debidamente acreditados polos/as aspirantes.

A estes efectos, o Tribunal Avaliador reunirase en sesión non pública para proceder á mencionada valoración dos méritos.

Quinto.- Publicar edicto co contido da presente Resolución no taboleiro de anuncios (sede electrónica), e na páxina web do Concello de Ribeira no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

Sexto.- Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da súa publicación no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

En Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento. O alcalde, Luís Antonio Pérez Barral. Dou fe, o secretario xeral, Juan Manuel Salguero del Valle.

En Ribeira, na data que consta na sinatura dixital



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70011CADD00Q4D0P4E5X2D8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 13/09/2023 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/09/2023 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/09/2023 13:42:43

EXPEDIENTE :: 2023PSEL000013
Fecha: 23/06/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E70011CADD00Q4D0P4E5X2D8

